

# DISCURSO DO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE, MANUEL BALTAR, NA PRESENTACIÓN DO 7º INFORME DO OBSERVATORIO ECONÓMICO OURENSÁN

*Ourense, 13 de xaneiro de 2016*

Bos días a todos.

Benvidos á presentación do sétimo informe do Observatorio Económico Ourensán e moitas grazas polo interese en coñecer de primeira man a realidade, a evolución e a tendencia dunha provincia que está a remontar a crise, dunha provincia que se esforza na procura das mellores solucións e dunha provincia que sabe fabricar estratexias adaptadas aos tempos actuais.

Unha ferramenta, o Observatorio Económico Ourensán, que segue a ser única, aló menos en Galicia, e que puxemos en marcha no anterior mandato –no Plan Ourense 92- e que cobra especial relevancia no mandato actual –de execución do Plan Ourense 15/19- tendo en conta a planificación, a anticipación e a previsibilidade dun goberno provincial froito dos resultados electorais do pasado 24 de maio.

Facémolo público na data de constitución das Cortes Xerais do Estado, comezando hoxe a décimo-primeira lexislatura, solicitando dende aquí neste tempo político a palabra máis necesaria hoxe en día na xestión tanto pública como privada: a ESTABILIDADE.

Hoxe e sempre, blindar servizos, xestionar con eficacia, planificar o futuro e transmitir confianza e seguridade aos cidadáns, son tarefas de compromiso que requiren dun marco de estabilidade e que precisan dun escenario afastado da provisionalidade, da inseguridade e da incerteza.

Esas tres situacións, a da provisionalidade, a da inseguridade e a da incerteza, nin forman parte da paisaxe ourensá, nin nesta provincia bloquean proxectos, nin paralizan iniciativas, nin alargan paréntese no calendario, nin moito menos provocan baleiros de xestión.

Esta provincia que conta cun goberno de seu na Deputación que foi quen de presentar un proxecto de xestión e estratexia operativa para os próximos catro anos, unha visión integral de provincia, que fai que nos anticipemos en cuestións innovadoras –a política e a administracións deben ser tamén escenarios axeitados para a innovación- como pode ser a aprobación dos orzamentos do ano seguinte cando falte un trimestre para rematar o ano en curso. Iso fixemos aprobando os orzamentos de 2016 en setembro de 2015 e así o faremos nas anualidades que veñen, estando neste intre pechando xa varias cuestións do documento orzamentario de 2017.

En Ourense, a maquinaria e as ideas non afrouxaron o ritmo durante a crise económica, e por suposto, non o van a facer agora que os sinuosos camiños xa deixan ver un horizonte moito máis despexado. E nesta provincia, os pasos van na dirección da cooperación con maiúsculas.

Hai agora medio ano, na presentación da sexta tirada do Observatorio Económico, tiven ocasión de trasladarlle a este mesmo auditorio que nos seguintes meses a Deputación de Ourense ía xogar un papel moi activo no ámbito do desenvolvemento urbano sostible. Hoxe é ben coñecido por todos que, froito do liderado e impulso da Deputación, e coa colaboración e a suma tanto do

concello da capital como de sete axuntamentos limítrofes (Amoeiro, San Cibrao das Viñas, Toén, Coles, Punxín, Pereiro de Aguiar e Barbadás) temos en marcha a Estratexia Conecta Ourense, chamada a transformar e a engadirlle unha velocidade máis á terceira área metropolitana máis dinámica de Galicia.

Con este novidoso plan, Ourense quere posicionarse na vangarda das estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado, con solucións globais para a mobilidade, para a accesibilidade, para a interconexión, para a rexeneración e revitalización de espazos, para a posta en valor do patrimonio, para a mellora dos recursos locais e mesmo para o fomento da economía emprendedora.

Unha vez máis, a provincia habituada a enxeñar solucións e a mudar debilidades por fortalezas, demostra que está entre os territorios da Unión Europea mellor preparados para facer rendible a captación de investimentos. Neste caso, estamos a falar do volume inversor das Estratexias DUSI, que mobilizarán financiamento do programa operativo FEDER de crecemento sostible.

A acción Conecta Ourense engádese a outras actuacións coas que a provincia destaca como factoría de planificación e como modelo a seguir dentro e fora de España. O Plan Ourense Provincia Termal; o Plan de Competitividade das Pemes; o dobre proxecto de Provincia Intelixente e Administración Electrónica; a Axencia Provincial da Enerxía e do Medio Ambiente; e agora o “Conecta Ourense”, garanten futuro, garanten melloras a garanten avances para o conxunto da provincia ao longo dos vindeiros anos.

Despois desta breve exposición, que é consecuencia da actualidade e do pulso dunha institución que se espreme día a día por mellorar a calidade de vida de todos os ourensáns, gustaríame avanzar algunhas das conclusións que recolle o Observatorio Económico.

En primeiro lugar, a gran novidade desta edición é a inclusión dun completo traballo sobre as pensións contributivas na provincia de Ourense. De feito, trátase da análise de datos máis extensa que se leva feito sobre o colectivo de pensionistas, con estatísticas desagregadas por comarcas e por concellos.

O informe comeza por detallar como está evolucionando a relación entre pensionistas e afiliados á Seguridade Social, é dicir, en que proporcións se moven os dous colectivos que sustentan o Produto Interior Bruto e a renda das familias, que non son outros que os traballadores activos e os perceptores de pensións.

Cos habituais mapas e rankings, o Observatorio identifica ás claras en que municipios e en que áreas se están a dar os maiores ou os menores desequilibrios entre afiliados e pensionistas. Esta controversia soe analizarse por comunidades ou por provincias, pero faltaba descender ata a desagregación por concellos e por comarcas, exercicio que desde hoxe en Ourense queda cuberto.

Pero ademais, o estudo permite coñecer onde mellorou e onde empeorou a ratio entre pensionistas e afiliados desde o ano 2011, canto creceron os importes medios das pensións, que diferenzas existen no poder adquisitivo dos pensionistas en función do seu concello de residencia, como están a mudar os censos de perceptores de pensións e de que xeito inciden variables como a idade, o sexo ou o réxime de cotización.

Este intenso traballo sobre o colectivo de pensionistas entronca coa dimensión demográfica que vai adquirindo o Observatorio Económico nas recentes entregas. Como veño reiterando desde

que accedín á presidencia da Deputación, o envellecemento da poboación é o gran reto a superar durante os vindeiros anos.

Aínda falta unha axeitada concienciación sobre a gravidade do problema demográfico que xa temos instalado entre nós. Pero, sobre todo, falta unha acertada concienciación sobre o colapso demográfico que se nos ven enriba si non somos capaces de anticipar solucións.

É certo que esta circunstancia non é exclusiva da provincia de Ourense ou da Galicia interior, pero iso non abonda para frear eta problemática. E o conformismo tampouco pode instalarse porque levemos décadas convivindo con eta realidade, nin porque o cambio demográfico estea xeneralizado entre as sociedades desenvolvidas desde a segunda metade do século pasado. Urxen medidas, urxen solucións e urxen iniciativas desde todos os niveis da Administración e tamén da sociedade.

Nós traballamos nesa dirección tanto na posta en marcha de plans inéditos nesta deputación, como de apoio á natalidade na provincia, como de alianza co sector empresarial máis puxante en reunións como a mantida en Manzaneda o pasado 20 de setembro e as que virán, algunha vencellada coa internacionalización das nosas empresas, ou mesmo o próximo acordo con ABANCA, dentro do Plan “Activamos Ourense”, para poñer a disposición dos ourensáns crédito suficiente para os seus proxectos de futuro.

Temos en xogo moito máis, nun territorio que sempre destacou pola forza dos seus recursos naturais, pola re-invenção permanente da súa economía, polo empuxe das súas empresas e polo carácter emprendedor das súas xentes.

Hai solucións e existen fórmulas para respectar o pasado e para fortalecer o futuro. Na institución á que represento non imos baixar os brazos.

En liña coa análise que fai o Observatorio sobre un indicador tan relevante como a relación entre activos e pensionistas, ese cociente pode crecer a medida que sexamos capaces:

1. De impulsar as taxas de actividade.
2. De dar máis volume á poboación ocupada.
3. De xerar emprego máis aló da cidade.
4. De ser máis amables coas condicións contractuais da xuventude.
5. De avanzar na conciliación entre a vida laboral e familiar, e tamén
6. De apostar de cheo por beneficios sociais como o do envellecemento activo.

A realidade amosa que na provincia de Ourense temos actualmente 23 municipios e unha comarca, a formada pola capital e polo cinto empresarial da cidade, nos que o censo de traballadores activos contabiliza máis persoas que o censo de pensionistas. Na citada área metropolitana de Ourense cabe salientar que o primeiro colectivo é un 41% superior ao dos perceptores de pensións, o que equivale a dicir que está en mellor situación que o conxunto de Galicia.

Como teremos ocasión de coñecer na exposición do profesor Andrés Mazaira, a rexeneración laboral que está a vivir a provincia desde principios de 2014, con creación neta de emprego na maior parte do territorio, aporta certa tranquilidade e transmite as primeiras doses de optimismo en moito tempo.

Desde esas datas, comezos de 2014, freou o deterioro da relación entre traballadores activos e pensionistas. Dito doutro xeito, desde hai máis de dous anos non empeoraron as ratios que miden as proporcións de afiliados e de pensionistas.

Por outra parte, o Observatorio Económico Ourenán adiántase a esclarecer que o mal de maior gravidade non ten nada que ver co mito de que cada vez exista un maior número de beneficiarios de pensións.

De feito, en comparación co ano 2011, o censo de pensionistas diminuíu en nove comarcas e nada menos que en 70 concellos. Así que, temos que no 75% das comarcas ourensás e no 76% dos municipios descendeu o número de pensionistas, o que engade efectos negativos sobre a renda familiar, sobre o poder adquisitivo das familias e sobre o Produto Interior Bruto local e comarcal.

De novo verificamos que a demografía xera capacidade para transformar e alterar as economías, as sociedades e as condicións de vida.

Como ben identifica o Observatorio, o mapa das ameazas máis febles localízase claramente na capital da provincia e no seu contorno, nas cabeceiras comarcais e nos contados municipios que souberon facer rendible a burbulla inmobiliaria para gañar en poboación.

Xunto co traballo máis amplo realizado sobre as pensións contributivas na provincia de Ourense, o Observatorio da Deputación inclúe a característica análise sobre a situación do mercado laboral e sobre a recuperación da crise desde o enfoque do emprego.

Neste apartado, afortunadamente xa hai que falar de verbas tan gratificantes como as de rexeneración, afianzamento ou estabilidade. A provincia encadea tres semestres consecutivos con creación neta de emprego e un período idéntico con hexemonía de concellos nos que sigue a medrar o mercado laboral.

En seis comarcas e en 47 municipios continúa crescendo, en taxa interanual, o número de traballadores afiliados. A recuperación só amosa certos sinais de esgotamento na zona sur da provincia, a franxa na que sigue habendo un moderado goteo de perda de empregos. No outro extremo dos rankings están 15 concellos ourensás que sobrepasan a media española de crecemento interanual das afiliacións, situada agora mesmo no 3,1%.

Si ben é certo que no segundo semestre de 2015 suavizou a rexeneración laboral no conxunto da provincia, ao pasar dunha taxa interanual do 1,1% a outra máis moderada do 0,3%, tamén cabe matizar que a taxa acumulada de perda de afiliados desde o inicio da crise mantense en niveis baixos e moito menos inquietantes que os de anos precedentes. Un auxe do 12% nas contratacións sería equivalente a neutralizar por completo o longo período da crise.

No ámbito formal, cómpre sinalar que este informe do Observatorio Económico Ourenán presenta dúas versións diferentes. Unha, que é a que teñen vostedes en formato papel, recolle todas as variables de estudo cos seus respectivos textos explicativos. E a outra, que está xa dispoñible na web da Deputación, inclúe a maiores o bloque no que se agrupan todas as estatísticas comarca a comarca, para facilitar a localización dos datos locais.

Precisamente, a orientación de ser máis prácticos, directos e descritivos, e a vocación de sinxeleza e facilidade na visualización e na interpretación, marcarán as directrices nas vindeiras edicións do Observatorio.

Pero antes da seguinte cita coas series estatísticas, e tamén daquela, a Deputación continuará na procura de solucións para frear a inversión demográfica e na busca de iniciativas para facer realidade o re-impulso do medio rural. Por vontade, por compromiso, por responsabilidade e por convencemento, o Ourense rural, o Ourense das vilas e o Ourense de sempre, terán un papel preponderante na xestión política desta institución.

A provincia na que cremos. Unha provincia ambiciosa. Unha provincia que terá neste ano un protagonismo especial no ámbito deportivo nacional e internacional, que segue contando cun goberno á vangarda dos executivos provinciais de España e que saberá aproveitar as vantaxes da súa situación xeo-estratéxica coa chegada da alta velocidade, circunstancia que marcará un antes e un despois na nosa historia. Esa provincia que é chamada para intervir en foros estatais e internacionais, para falar da nosa visión política, do territorio, do emprendemento... chámese a cita South Summit en Madrid, o foro interprovincial de innovación –que promovemos con outras tres deputacións de España- no Instituto Nacional de Administración Pública, o Seminario Internacional sobre Boas Prácticas na Gobernanza organizado polo Estado do Paraná, en Brasil, compartindo experiencias con Toronto e Bos Aires ou o noso papel protagonista en Partenalia, Asociación Europea de Gobernos Locais Intermedios, de cuxo Consello Político formamos parte.

Sabemos que non é doado desprazar tendencias. Sabemos que non é sinxelo atallar a maior ameaza do século. E sabemos que non é tarefa vulgar neutralizar a gran lacra social dos novos tempos. Pero a vontade, o compromiso, a responsabilidade, o convencemento de que o rural ten futuro, e sobre todo o empuxe de toda unha provincia, suman moito máis que calquera dificultade que se nos poña por diante.

Cedo xa a palabra ao profesor Andrés Mazaira, coautor deste sétimo informe do Observatorio Económico Ourenseño.

Grazas por crer en Ourense.

Moitas grazas.